ANUNCIO

Para coñecemento xeral, e de conformidade co disposto no artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, faise saber que o alcalde ditou a seguinte

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

LOGO DE VER a relación de procedementos conclusos que se poñen á disposición da Alcaldía (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 3.2 a) do Real decreto 128/2018, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional.

TENDO EN CONTA que o Pleno do Concello, en sesión que tivo lugar o 26.06.2023, acordou celebrar sesións ordinarias cunha periodicidade bimensual; que aquelas terán lugar os derradeiros xoves de cada mes, ás 19:00 horas; agás os plenos a celebrar o mes de xullo que se celebrarán ás 9:30 horas e que se ese día cadra en festivo, a sesión se trasladará á véspera, celebrándose o primeiro pleno ordinario o último xoves hábil do mes de setembro do ano 2023.

TENDO EN CONTA todo o sinalado e pola competencia que me atribúe o artigo 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local pola presente **RESOLVO**:

PRIMEIRO. CONVOCAR unha sesión ORDINARIA do Pleno do Concello para o:

Día: 24/09/2026
Hora: 19:00 h. a 1.ª convocatoria e ás 19:00 h. a 2.ª, dous días despois
Lugar: salón de sesións da Casa do Concello.
Orde do día:

I- PARTE RESOLUTORIA

1.- Aprobación de actas do Pleno do Concello.

1.1.-Acta da sesión ordinaria do 30/07/2026. Acta 07/2026.

1.2.-Acta da sesión extraordinaria do 14/09/2026. Acta 08/2026.

2.- Aprobar se procede a bonificación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras solicitada por D. Ramón Otero Fernández (EXP. 2026/X999/000508).

3.-Aprobar se procede a bonificación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras solicitada pola Comunidade de Propietarios do Edificio Mirasol Portal I (EXP. 2026/X999/000507)

II PARTE DE CONTROL

4.- Toma de coñecemento das resolucións da Alcaldía ditadas que van desde a nº 1.083/2026 do 24/07 ata a 1372/2026 do 18/09.

5.-Toma de coñecemento dos reparos de legalidade emitidos pola Intervención Municipal entre o 24/07/2026 ata o 18/09/2026.

CVD: PI5lwSvAVQQXzaCupgs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.oroso.gal/

6.- Mocións dos Grupos municipais.

7.- Rogos e preguntas.

SEGUNDO. NOTIFICARLLES esta resolución aos membros da Corporación, REMITÍNDOLLES minuta das actas que se levan a aprobación e unha copia das propostas de acordo dos asuntos incluídos na orde do día, así como unha relación dos decretos dos que se da conta e dos reparos de intervención, poñendo a súa disposición os antecedentes daqueles na Secretaría do Concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

TERCEIRO. PUBLICAR esta resolución no taboleiro de edictos do concello (https://sede.oroso.gal/opencms/gl/) para os efectos do que dispón o artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

CUARTO. DARLLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello.

En Oroso asinado dixitalmente polo Secretario.
Federico Suárez Cancelo.

CVD: PI5lwsSvAVQQXzaCupgs Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.oroso.gal/